

Prezadas familias

Segundo a Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, comeza o proceso para a realización de **eleccións de membros dos consellos escolares** de centros sostidos con fondos públicos.

A elección dos representantes dos distintos sectores da Comunidade no Consello Escolar (2 nais/pais, 3 profesores/as), celebrarase o día **28 de novembro**.

A Xunta Electoral constituída con data de 7 de novembro de 2022 aproba o **calendario que se achega**.

O Consello Escolar é o órgano de participación e goberno máis importante do centro. Nel tómanse importantes decisións referentes á admisión do alumnado, ao orzamento, aos servizos complementarios, a temas de convivencia, etc. Analiza e valora o funcionamento xeral do centro. Por isto está formado por membros de todos os sectores da comunidade educativa: familias, alumnado, Concello, persoal de administración e servizos, docentes e equipo directivo.

Desexamos que haxa unha gran participación de todos os sectores da Comunidade Educativa, tanto na **presentación de candidaturas** como na participación nas propias **eleccións**. Pódese atopar máis información sobre o proceso na web do centro.

Sigüeiro, 9 de novembro de 2022

A XUNTA ELECTORAL

Xoves 10 novembro	Publicación do censo electoral.
Do venres 11 ao venres 18 de novembro	Reclamación aos censos e presentación de candidaturas. As candidaturas presentaranse na secretaría do centro.
Luns 21 de novembro	13:45 h. Publicación das candidaturas proclamadas pola xunta electoral, e resolución das reclamacións aos censos. Sorteio público dos membros das mesas electorais. 17:00 Claustro na sala do profesorado.
Martes 22 e mércores 23 de novembro	Reclamacións ás candidaturas proclamadas.
Xoves 24 de novembro	Resolución das reclamacións.
Luns 28 de novembro	Elección: Profesorado.- 17:00 Claustro Extraordinario Familias.- 09:00 a 09:30; 14:00 a 14:30; 16:00 a 18:00 Entrada do edificio Persoal non docente.- 11:45 a 12:15 Despacho de orientación
Mércores 30 de novembro	14:00 Proclamación de candidatos electos.
Luns 12 de decembro	18:00 Constitución do Consello Escolar